



PDI RUS ENTRE PLANETAS

Proxecto Documental integrado coordinado pola B.E.

Leoteca en Rus

CEIP Canosa-Rus (Coristanco)

Curso 2014/2015

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTO.....	7
3. DESCRICIÓN.....	8
4. DOCUMENTACIÓN.....	9
5. TAREFAS.....	10
6. RECURSOS.....	11
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	11
8. DIFUSIÓN.....	11
9. AVALIACIÓN.....	12
10.FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA.....	14

1. INTRODUCCIÓN

1.1. *Xustificación*

En cursos anteriores investigamos sobre a importancia da auga para que existise vida no noso planeta a través do PDI "Cantas pingas" e "Fíos de prata". O que suscitou a curiosidade por coñecer por que non había vida e se algún día houbo auga noutros planetas. Ante o interese mostrado polo espazo e , en particular, polo entorno máis próximo, o Sistema Solar, propuxemos á comunidade educativa desenvolver durante este curso o PDI "**Rus entre planetas**".

O espazo en xeral consideramos que resultaba un tema demasiado amplo e desde o equipo de biblioteca propúxose centrar a investigación no **Sistema Solar**. Desde a nosa perspectiva tratamos de que o alumnado fose consciente da inmensidade que nos rodea, das diferentes distancias que separan uns planetas dos outros, dos tamaños dos planetas e da súa relación co Sol, das condicións de habitabilidade dos astros do Sistema Solar, tamén queriamos que se decatasen de que non vivimos nunha burbulla e que todo o que acontece no espazo exterior nos inflúe en maior o menor medida (asteroides, cometas, radiación solar, entre outras).

A Lúa o satélite da Terra ten un gran protagonismo no proxecto, xa que tratamos que moitos dos movementos de entrada se dedicasen a coñecer máis datos de como inflúe o satélite nas distintas actividades que se realizan no noso planeta.

As profesións relacionadas co estudo e exploración do espazo tamén teñen un oco na nosa investigación e aprendemos as características que deben reunir estes profesionais, as súas funcións e o proceso de investigación que desenvolven.

Co PDI Rus entre planetas pretendemos que tanto o alumnado, como toda a comunidade educativa, sexan conscientes da influencia do espazo na vida diaria e coñezan cun maior detalle o Sistema Solar, desenvolvendo unha investigación con criterios científicos e que favorezan este tipo de coñecementos.

1.2. *Temporalización (calendario de realización)*

Rus entre planetas iniciouse no mes de outubro e tivo o seu remate, en canto a elaboración de materiais, no mes de maio. Aínda que a exposición segue aberta ata o final de curso, para que poida ser visitada pola comunidade educativa.

Este PDI está incluído na PXA e estruturouse en diferentes fases:

Comezamos cunha presentación á comunidade educativa, no desenvolvemento do proxecto realizamos diferentes tipos de actividades de investigación, producíndose diferentes movementos de entrada e de saída. As conmemoracións de Nadal e Entroido tiveron como temática aquilo relacionado co Sistema Solar. Preparáronse diferentes actividades para finalizar coa EXPO Rus entre planetas e concluíndo coa avaliación do proxecto.

1.3. *Participantes*

Todo o claustro (un total de 17 mestres/as) participou no desenvolvemento do proxecto, traballando os mestres/as titores nas actividades de aula, os mestres especialistas desde as súas áreas ou clases tamén colaboraron na realización de diferentes tarefas de preparación e desenvolvemento do proxecto (Educación artística, Educación física, Pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e orientación). Estiveron coordinados polo Equipo de Biblioteca e tamén colaboraron activamente o EDLG e o Equipo de Dinamización das TIC.

Todo o alumnado (54 de Educación Infantil e 91 de Educación Primaria) foi consciente e participou nas diversas actividades e tarefas que se realizaron durante o período de desenvolvemento do proxecto.

1.4. *Organización*

O **Equipo de Biblioteca** propuxo o tema para proseguir co interese dos nenos/as en cursos anteriores. Desde este equipo coordinouse todo o traballo de investigación e as actividades desenvolvidas durante o proxecto. A iniciativa tivo a adhesión de todo o **claustro** participando desde todas as áreas e todos os equipos. O proxecto apróbase e inclúese na P.X.A.

O s **Equipos de Dinamización da Lingua Galega e Dinamización das TIC** aportan a súa colaboración nos procesos de investigación e desenvolvemento das actividades. Desde as áreas de **Educación artística e Educación Física** participase elaborando actividades que terán lugar ao longo do proxecto. As **familias** son convidadas a participar apoiando o proceso de investigación na casa,

participando nos movementos de entrada e aportando material ao centro. Desde as **titorías** coordínase se elaboran os diferentes produtos que se realizan ao longo de Rus entre planetas.



1.5. Relación co currículo

Competencias básicas:

Competencia lingüística, a través deste proxecto trataremos de fomentar e mellorar esta competencia, xa que o alumnado terá que elaborar tanto composicións escritas como orais, respectando as normas formais. Do mesmo xeito terán que buscar e extraer información, co que tentaremos que sexan conscientes da importancia da comprensión. Ampliarán o vocabulario referido ao tema e traballarase tanto normas ortográficas como gramática.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, o alumnado familiarizarase cos conceptos e procesos científicos, cálculo de distancias, tamaños, entre outras. Resolución de problemas e operacións con cantidades para realizar mesturas, utilizando as unidades de medida, achar superficies, entre outras. Traballo coas formas xeométricas.

Competencia dixital, fomentárase a utilización das TIC e o pensamento crítico, que axude ao alumnado a seleccionar as fontes de busca fiables, para despois incorporar a información aos seus traballos.

Aprender a aprender, trataremos que o alumnado teña un espírito crítico, que teña ansia de aprender e ampliar os seus coñecementos, utilizaremos diferentes estratexias e recursos que permitan aos alumnos/as planificar a súa aprendizaxe.


Competencias sociais e cívicas, a interdependencia dentro do proxecto, tanto a nivel de aula, como a nivel de centro, fomentará o respecto polo traballo dos demais e a colaboración e cooperación no traballo conxunto.

Conciencia e expresións culturais, no produto final terase que elaborar unha exposición con certo sentido, para iso visitaranse diferentes exposicións de distintas temáticas. Elaboraranse os planetas utilizando diferentes técnicas plásticas. Representaranse obras teatrais que incentiven a lectura e o gusto polas dramatizacións.

Obxectivos:

1. Coñecer o Sistema solar.
2. Coñecer e aprender as funcións da astronomía.
3. Aprender a respectar as opinións e traballos dos demais.
4. Valorar o traballo en equipo.
5. Seleccionar información desde un punto de vista crítico.
6. Preparar exposicións orais e escritas con sentido.
7. Elaborar diferentes tipos de materiais escritos, dixitais e orais: exposicións, carteis, monografía, storyboard, representacións, entre outros.
8. Fomentar a lectura e consulta de diferentes textos e soportes.

2. OBXECTO



Desde o equipo de Biblioteca propónse o desenvolvemento do PDI Rus entre planetas que consistirá nun estudo do Sistema Solar, a carreira espacial, a astronomía, os fenómenos que acontecen no espazo e como o Universo e os seus elementos foron fonte de inspiración para artistas, escritores/as, cineastas, debuxantes, entre outros.

O equipo de Biblioteca deseñou, programou e planificou as diferentes actividades que se desenvolveron desde o mes de setembro ata o mes de maio. Os demais equipos (EDLG, TIC, Orientación), claustro, alumnado, familias e resto da comunidade educativa foi informada das diferentes fases, das actividades a desenvolver (xustificación, relación co currículo, temporalización,...) a través de reunións periódicas.

3. DESCRICIÓN

O traballo durante o curso estruturouse en diferentes fases:

A. Presentación do proxecto á comunidade educativa.

En setembro presentamos o nome do proxecto e a temática a desenvolver durante este curso, que sería o estudo e investigación do Sistema Solar, así como o nome do proxecto “Rus entre planetas”.

B. Desenvolvemento do proxecto:

B.1. *Formulamos a pregunta: Que é o Sistema Solar?*

A partir desta pregunta o alumnado explicou que era para eles/as o Sistema Solar, que sabían e que querían saber

B.2. *Preparación da investigación: visita á Casa das Ciencias (A Coruña), recompilación e selección de documentos na biblioteca e en internet.*

O Equipo de EACE preparou unha visita á Casa das Ciencias de A Coruña para todos os cursos do centro, onde visitaron a exposición, o planetario e viron unha película adaptada ás idades de cada curso, onde se facía un achegamento á temática.

Ao mesmo tempo o Equipo de Biblioteca preparaba, xunto co Equipo de dinamización das TIC, recursos da biblioteca (libros e discos de música), ademais de actividades e webs en formato dixital. Desta busca xurdiron un cartel dixital cos recursos máis interesantes que se atoparon. Ademais de dúas exposicións permanentes de libros relacionados co tema (unha para Educación Infantil e Primeiro ciclo de E.P., e outra para 2º e 3º ciclo de E.P.)

B.3. *Recollida de datos máis relevantes para o alumnado relacionados co Sistema Solar: visita de astrónomo (Pedro Pablo Campos)*

Desde as titorías foron elaborando diferentes documentos relacionados co Universo e o Sistema Solar (meteoritos, constelacións, Lúa, planetas, Sol,...), no proceso da súa busca. A visita do astrónomo Pedro Pablo Campos motivou a investigación na ciencia da astronomía, seleccionando preguntas e coñecendo máis en profundidade a súa profesión.

Na [páxina web do proxecto](#) hai unha descrición máis detallada das diferentes actividades desenvolvidas nesta fase.

B.4. Análise e interpretación da investigación previa: selección do planeta e estrela do Sistema Solar.

As aulas escolleron o planeta que máis atraía do Sistema Solar e prepararon os traballos sobre cada un dos astros: Sol (6ºE.P.), Mercurio (6º E.I.), Venus (1ºE.P.), Terra (2ºE.P.), Marte (4ºE.P.), Xúpiter (3ºE.P.), Saturno (5ºE.P.), Urano (4ºE.I.) e Neptuno (5ºE.I.)

B.5. Preparación e difusión dos resultados: elaboración dos planetas e estrela do Sistema Solar e monográfico de cada un deles.

Cada clase elaborou diferentes actividades encamiñadas á organización da EXPO Rus entre planetas.

B.6. Produto final: Exposición "Expo Rus entre planetas".

Coa inauguración e visita guiada da exposición ante a comunidade educativa remata a fase de elaboración do proxecto.

C. Avaliación do proxecto.

Realízase a avaliación do PDI Rus entre planetas, seguindo os indicadores descritos.

4. DOCUMENTACIÓN

Durante o desenvolvemento de Rus entre planetas elaborouse diverso material dirixido a encamiñar as tarefas e a facilitar o labor de profesorado e alumnado.

4.1. Profesorado

- Para os mestres/as elaborouse unha pequena guía coas fases, temporalización e tarefas programadas ao longo do curso.
- No comezo da fase de investigación achegouse un listado de recursos na biblioteca e un cartel dixital cos que comezar as tarefas iniciais de Rus entre planetas.
- Diversas notas informativas para informar ás familias e ao alumnado das fases e actividades.
- Ficha para a recollida da tradición oral do cultivo da pataca.
- Calendarios de representacións teatrais na biblioteca.
- Patróns e exemplos de posibles disfraces a elaborar no Entroido.
- Estrelas para plasmar as palabras suxeridas polos seus planetas.

- Rúbricas e cuestionarios de avaliación.

4.2. Alumnado

- Diversas notas e carteis anunciando diversas actividades.
- Calendario das actividades a desenvolver.
- Cartel dixital e exposición permanente na biblioteca de recursos relacionados co Universo e o Sistema Solar.
- Documento recopilatorio das crenzas sobre a Lúa achegadas polas familias.
- Sección no blogue “Leoteca en Rus” e web do proxecto Rus entre planetas.

5. TAREFAS

O alumnado durante o proxecto realizou:

- Busca e selección de recursos e información nas diferentes fontes facilitadas polo profesorado.
- Debates sobre ideas, defensa de diferentes posicións no traballo en equipo.
- Elaboración de diferentes tipos de textos: descritivo, informativo, expositivo, literario, instrutivo, narrativo, de uso social.
- Lectura de diferentes tipos de textos, así como a extracción da información relevante destes.
- Elaboración e representación de obras teatrais.
- Resolución en equipo das actividades planeadas: aportando ideas, solucións, chegando a acordos, respectando as opinións dos demais.
- Utilización das matemáticas para calcular distancias, tamaños, diámetros, utilizar unidades de medida axeitadas e descubrimento de figuras xeométricas.
- Manexo de diferentes técnicas artísticas como mestura de cores, texturas e utilización do seu corpo para a transmisión de mensaxes.
- Organización do seu traballo e presentación tanto escrita como oral ante outras persoas.

6. RECURSOS

Na biblioteca organizáronse dúas exposicións permanentes nas que o alumnado podía utilizar obras de consulta e ficción para investigar e obter información.

Presentouse un cartel dixital con recursos na internet no que profundar e realizar actividades en liña.

Solicitouse ás familias material relacionado co proxecto e que tamén utilizamos para comprender mellor distintos aspectos: telescopios, libros, globos terráqueos, bonecos, fotografías, monográficos, lámpadas da Terra, entre outros recursos.

Nos ordenadores da biblioteca e da aula TIC seleccionáronse recursos e tamén se utilizaron para realizar buscas.

Notas de comunicación das actividades tanto ás familias como ao resto da comunidade educativa.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O alumnado fixo diferentes carteis e convites anunciando as diferentes actividades que se desenvolveron durante o curso e que foron expostas no Centro.

As familias aportaron materiais relacionados co tema (libros, vídeos, obxectos, fotografías, entre outros), que formaron parte da fase de investigación e que tamén ocupaban un lugar na EXPO Rus entre planetas. Participaron nos eventos que se realizaron, como foi o Festival de Nadal, acudindo como espectadores/as; o Entroido, no que colaboraron na elaboración dos traxes, organizando unha merenda o día da celebración e acudindo como espectadores/as ás representacións de acrosport; a EXPO Rus entre planetas, acudindo a visitar o día da inauguración a exposición e os diferentes espazos organizados para ese día. Favoreceron a transmisión da tradición oral, a través dos cuestionarios elaborados polo EDLG, das crenzas sobre a Lúa.

8. DIFUSIÓN

Todo o proxecto está recollido na web:

- [RUS ENTRE PLANETAS](#)

No blogue da biblioteca aparecen diversas actividades que se foron realizando:

- [LEOTECA EN RUS](#)

Na paxina web do Centro tamén existe un apartado no que se recollen novas sobre o proxecto:

- [CEIP CANOSA-RUS](#)

No canal Youtube existe unha lista de reprodución que recolle os vídeos publicados sobre o proxecto:

- [Canal Youtube](#)

Diversas notas, convites, e carteis que se elaboraron para informar a toda a comunidade educativa sobre as diferentes fases nas que se atopaba Rus entre planetas.

Notas de prensa e convites para asistir aos eventos realizados no CEIP Canosa-Rus, nesta sección da páxina web aparecen novas publicadas nos xornais sobre actividades desenvolvidas:

- [Prensa.](#)

Diversas exposición dos traballos realizados polo alumnado.

9. AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación do PDI Rus entre planetas utilizamos:

9.1. Autoavaliación

O alumnado de Educación Primaria avalioue a si mesmo a través dunha [rúbrica](#) elaborada polo Equipo de Biblioteca. Realizouse ao finalizar o proxecto e avaliaba diferentes aspectos relacionados cos indicadores de logro dos obxectivos.

Avalioue periodicamente na aula co seu titor/a o grao de consecución dos obxectivos que se pretendían acadar, a través dos debates e asembleas que se desenvolveron.

9.2. Heteroavaliación

As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través dun [cuestionario](#) elaborado polo equipo de biblioteca. Este cuestionario está publicado na web do proxecto, así como na web do centro, como no blogue "Leoteca en Rus". O profesorado evaluou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos, en función da Etapa e da aula dos nenos/as. Ademais avaliaron seguindo a [rúbrica](#) de autoavaliación do alumnado.

9.3. Coavaliación

O profesorado, nas diferentes reunións mantidas, foi facendo un seguimento do proxecto e realizando as modificacións pertinentes, ademais ao final do proxecto completou a rúbrica de avaliación do funcionamento.

En referencia aos indicadores propostos polo Equipo para a avaliación do proxecto, este foi o grao de consecución deles:

a1. Coñece o nome dos oito planetas que compoñen o Sistema Solar.

A maioría do alumnado coñece os nomes dos oito planetas, ou polo menos seis deles.

a2. Coñece a orde dos planetas do Sistema Solar.

A maioría do alumnado coñece a orde dos planetas.

a3. O alumno/a nomea polo menos unha característica de cada planeta.

A maioría do alumnado coñece polo menos unha característica de cada planeta do Sistema Solar.

b1. Prepara preguntas relacionadas coa astronomía.

Na conferencia do astrónomo cada aula prepara un cuestionario co que entrevistar ao relator.

b2. Nomea dúas funcións da profesión de astrónomo.

No panel informativo aparecen especificadas as funcións elaboradas polas aulas.

c1. Debate en grupo respectando as quendas de palabra.

Nos debates realizados nas aulas a maioría do alumnado compórtase de xeito correcto.

c2. Aporta consellos construtivos aos traballos dos demais.

Nos debates realizados nas aulas a maioría do alumnado compórtase de xeito correcto.

d1. Os traballos en grupo teñen calidade.

Os produtos expostos son veraces e estéticamente atractivos.

e1. As fontes de información seleccionadas son fiables.

A maioría dos grupos utiliza fontes fiables para realizar os seus traballos.

e2. O traballo documental contén información veraz.

Os documentos entregados polo alumnado son fiables e conteñen datos reais.

f1. Expón o seu traballo ante outras persoas.

Nas diversas actividades a maioría dos alumnos/as presentaron de xeito oral os seus traballos.

g1. Recóllese todo o traballo documental nun espazo web.

Creouse unha web na que se recolle todo o proxecto.

h1. Coñece a organización da biblioteca.

Neste punto temos que reforzar a formación de usuarios/as, xa que algúns reflicten problemas para atopar libros na biblioteca.

h2. Realiza buscas na biblioteca de diferentes tipos de obras.

A través dos concursos tratamos que o alumnado coñecese máis en profundidade o funcionamneto da biblioteca e a súa organización.

10.FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

A Biblioteca é o eixe principal sobre o que xira o desenvolvemento do proxecto, realizando entre outras tarefas:

Coordinou desde o comezo o desenvolvemento do proxecto, procurou programar reunións periódicas co resto do claustro, de carácter informativo e para facer un seguimento do proceso.

Realizou o labor de busca, selección e difusión de materiais de diferente tipo para que o primeira fase de investigación puidese arrancar e fose máis doada para o alumnado e o claustro. Tamén atendeu ás demandas que se fixeron desde os outros equipos e titorías en canto a adquisición de diferente tipo de material que axudara á realización das distintas tarefas.

Organiza a biblioteca de xeito que permite o acceso aos recursos con rapidez, proporcionando diferentes recursos escritos e audiovisuais para completar as actividades propostas.

Elabora diferentes actividades de fomento da lectura relacionados co proxecto, en colaboración co equipo de dinamización das TIC e o EDLG, como foron concursos e certames literarios, entre outros.

Colabora na difusión do proxecto elaborando notas informativas e colaborando na organización das exposicións dos traballos do alumnado.

Todo o PDI RUS ENTRE PLANETAS está recollido no espazo web, onde se poderá acceder a vídeos, imaxes e documentos que forman parte do desenvolvemento do proxecto:

<https://sites.google.com/a/ceipcanosarus.net/rus-entre-planetas/>